




LIBROS A FAVOR DA IGUALDADE, DIVERSIDADE E CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

INFANTIL

Rosa Caramelo

Autoras: Adela Turín e Nella Bosnia

Editorial: Kalandraka



Sinopse:

Illada nun xardín, Margarida é a única elefanta do grupo incapaz de conseguir que a súa pel sexa de cor rosa caramelo.

Cando os seus pais desisten de impoñerlle este aspecto, Margarida descubre o significado da liberdade e abre o camiño da igualdade para as súas compañeiras.

Un libro para **rachar coas barreiras** ás que teñen que facer fronte nenas, rapazas e mulleres.


Vídeo libro en youtube:

<https://www.youtube.com/watch?v=gqJx-a09dT8>

Por catro esquiniñas de nada

Autor: Jérôme Rullier

Editorial: Editorial Juventud



Sinopse:

Cadradiño quere xogar na casa dos seus amigos Redondiños, pero non pasa pola porta porque esta é redonda. Teremos que recortarche as esquinas! – din os redondiños.

Oh non! – di cadradiño. Doeríame moito! Que podemos facer? Cadradiño é diferente. Nunca será redondo.

Un libro sobre a **diversidade, a tolerancia** e a igualdade de oportunidades entre as persoas.

Vídeo libro en youtube:

https://www.youtube.com/watch?v=DBjka_zQBdQ

Oliver Button é unha nena

Autor: Tomie de Paola

Editorial: Everest



Sinopse:

A Oliver Button no lle gusta facer o que os nenos fan normalmente. Non xoga moi ben a ningún xogo de pelota. Encántalle debuxar e ler, pero o que máis lle gusta é bailar.

Un día alguén escribe na parede do colexio Oliver Button é unha nena!

Sen embargo, Oliver decide seguir adiante coa súa afección. Un día baila nun concurso de talentos e, dende entón, a súa vida cambia para converterse nunha estrela.

Un libro para **rachar cos estereotipos de xénero**, e descubrir **masculinidades alternativas**.


Vídeo libro en youtube:

https://www.youtube.com/watch?v=E_RJV3t1hMo

Maruxa

Autoras: Eva María Mejuto Real e Ana Mafalda Milhões Aires

Editorial: OQO Editora



Sinopse:

Maruxa e Pepiño viven na aldea. Maruxa cose, varre e labra. Pepiño canta, folga e durme. Mais un día... Maruxa decide dar unha lección ao seu marido.

Astuta, e cunha gran habilidade no manexo da retranca, logra que Pepiño tome consciencia de que o traballo da casa está mal repartido e consegue que cambie de actitude.

Un libro para ensinar a artellar a **corresponsabilidade** no lar e **poñer en valor o traballo doméstico**, sempre invisibilizado.


Vídeo libro en youtube:

<https://www.youtube.com/watch?v=gmyiTAmjY0o&t=126s>

Arturo e Clementina

Autoras: Adela Turín e Nella Bosnia

Editorial: Kalandraka



Sinopse:

Ao casarse, Clementina soña cunha vida chea de aventuras e descubrimentos. Sen embargo, día a día Clementina cárgase con obxectos que Arturo lle vai proporcionando, e que fan que cada día se encontre máis soa...

Un libro que aborda a **violencia de xénero máis sutil**, a de tipo psicolóxico, que dana gravemente ás mulleres.

Vídeo libro en youtube:

<https://www.youtube.com/watch?v=YjHrieZds4A&t=16s>

Paula ten dúas mamás

Autora: Leslea Newman

Editorial: Edicións Bellatera



Sinopse:

Non todas as familias son iguais, e na de Paula hai dúas mamás. Cando no colexio, a Paula lle preguntan polo seu pai, decátase que na súa casa esa figura non está presente.

No libro descubriranse os diferentes modelos de familias e reflexionase sobre o único importante en todas elas, o amor e o respecto co que se tratan as persoas que forman parte das mesmas.

Un libro para identificar os **diferentes tipos de familias**, a diversidade nas unidades de convivencia e ofrecer normalidade nas **distintas formas de sentir**.

Vídeo libro en youtube:

<https://www.youtube.com/watch?v=tbSnLX-AWDA>

Ámote Leo A. (triloxía)

Autora: Rosa Aneiros

Editorial: Xerais



Sinopse:

Catro amigos e unha gran viaxe. Este era o plan de Leo ao rematar os estudos universitarios.

En cambio, todo se esborralla uns meses antes de partir, cando os seus colegas se botan atrás e Leo debe afrontar unha decisión transcendental: desistir ela tamén ou marchar soa. A encrucillada é difícil e as dúbidas afógana, pero a ansia por coñecer mundo pode máis que todos os medos.

Un libro para comprender que o **verdadeiro amor é o amor por unha mesma**.

Ons e Cans (dilogía)

Autor: Carlos Meixide

Editorial: Edizer



Sinopse:

É verán na illa de Ons. Dous adolescentes, Suso e Roi, amigos case obrigatorios porque na illa hai pouca xente da súa idade coinciden con dúas rapazas que veñen de veraneo: Anabel, que aparece cada ano cos seus pais, e a súa prima Fátima, que os acompaña nesta ocasión.

Vanse amigando e experimentando os primeiros asuntos amorosos ao tempo que asisten a unha verdadeira aventura na que eles serán os protagonistas.

Un libro para explorar os sentimentos e a **diversidade afectivo sexual** durante a etapa adolescente.

Xela volveuse vampira

Autora: Fina Casadelrey

Editorial: Baía Edicións



Sinopse:

Xela é a mellor mestra do mundo e moi querida polo seu alumnado.

Mais semella unha morta vivente de ollos violeta que pousan acotío no chan. Estarase a volver vampira?


Breixo tentará descubri-lo e darase conta de que o que lle ocorre a Xela non ten nada que ver co mundo dos vampiros.

Un libro para descubrir dende os ollos dun neno a maior das desigualdades que sofren as mulleres, a **violencia de xénero**.

22 segundos

Autora: Eva Mejuto

Editorial: Xerais



Sinopse:

O que non se di é coma se non existise, afirmara o avó un día, e xa ía sendo hora de existir.

Ata ese momento só vivira de portas para dentro. Agora xa non había marcha atrás. A cámara pedíalle que falase. " Son Álex, un mozo transexual.

Abro este blog para compartir con vós a miña vida. Quen me coñeza e estea a ver este vídeo entenderá moitas cousas, ou mesmo non comprenderá -ou non quere comprender- nada.

O distinto asusta, dá vertixe porque obriga a cuestionarse tantas cousas... E por iso fago este vídeo, porque non quero ter máis medo, nin vergoña de ser quen son. "


Antes de que lle dese tempo a pensar, conectou a cámara co ordenador. Vinte e dous segundos. Ese foi o tempo que tardou o arquivo en subir á rede.

Un libro que busca visibilizar a realidade das **persoas transxénero**.

Feminismo para principiantes (versión cómic)

Autoras: Nuria Varela e Antonia Santolaya

Editorial: Edicións B



Sinopse:

Un percorrido polo movemento feminista contado dende os seus inicios ata a actualidade.

Para entender en que punto se encontra a sociedade neste momento é indispensable coñecer o pasado.

Vocabulario imprescindible para a igualdade de xénero, e as diferentes olas do feminismo teñen representación neste libro, acompañadas de imaxes gráficas moi ilustrativas.

Un libro para **introducirse no feminismo** e comprender as reivindicacións históricas das mulleres.

Libro en PDF accesible:

<http://planetafacil.plenainclusion.org/wp-content/uploads/2019/03/Feminismo-para-principiantes.-Lectura-fácil.pdf>

Máis aló do azul e do rosa

Autora: Ana Torres Jack

Editorial: Galaxia



Sinopse:

Manual para nais e pais que aborda como minimizar as desigualdades de xénero e previr a violencia machista dende as familias, cunha abordaxe pedagóxica.

Non é un labor doado, porque os medios de comunicación, e tamén os de ocio (cine, videoxogos...) insisten en perpetuar unha imaxe estereotipada da muller, idealizando a súa beleza e cousificando a súa sexualidade.


Mais dende o fogar pódese facer moito, xa que as familias son axentes de socialización primaria.

Un libro para **rachar con roles e estereotipos tradicionais**, e repensar a educación que queremos inculcar ás nosas crianzas.

O conto da criada

Autora: Margaret Atwood

Editorial: Edicións Salamandra



Sinopse:

Na República de Gilead, o corpo de Defred só serve para procrear, tal e como imponen as normas establecidas pola ditadura puritana que domina o país.

Se Defred se rebela ou non é capaz de concibir, espéralle a execución pública ou o desterro.

O réxime controla a vida das mulleres: a súa alimentación, a súa indumentaria, incluso a súa actividade sexual.

Pero ninguén pode gobernar o pensamento e desexos dunha muller.

Un libro para reflexionar sobre as **diferentes violencias** ás que se enfrontan moitas mulleres ao longo da súa vida.

O home que non deberíamos ser

Autor: Octavio Salazar

Editorial: Planeta



Sinopse:

Pretende colocar aos homes diante do espello para reflexionar sobre os privilexios que teñen polo feito de ser homes, e as carencias que o patriarcado lles aporta ao non educa-los no mundo das emocións ou dos coidados.


Un libro que pretende poñer a mirada nunha **masculinidade alternativa**, e establecer un **novo contrato social** entre homes e mulleres.

Porque é imprescindible construír un mundo máis igualitario, máis xusto, e máis inclusivo.

Morder a mazá

Autora: Leticia Dolera

Editorial: Planeta



Sinopse:

Unha reflexión sobre os macro e os **micromachismos** cotiás aos que teñen que facer fronte as mulleres.

Un convite ao apoio mutuo entre mulleres, á **sororidade**.


Un percorrido por algunhas desas mulleres pioneiras, que abriron camiño dentro e fóra do movemento feminista.

Un libro para entender que o **feminismo non é unha moda**, senón que é un **ideal de xustiza social** que traspasa ás diferentes xeracións.

Elisa e Marcela: amigas e amantes

Autor: Narciso de Gabriel

Editorial: Xerais



Sinopse:

Elisa e Marcela, dúas mestras galegas, protagonizan en 1901 un dos primeiros matrimonios entre persoas do mesmo sexo.

Elisa Sánchez Loriga, convertida en Mario, e Marcela Gracia Ibeas casan na igrexa de San Xurxo da Coruña o 8 de xuño dese ano.

Unha vez descuberto o «matrimonio sen home», son obxecto dunha persecución que as obriga a buscar refuxio, primeiro en Portugal e logo na Arxentina.

Un libro que fala sobre a **diversidade** nos afectos e na sexualidade, sobre a censura, a **homofobia** e a loita pola liberdade.

Tráiler da película homónima de Isabel Coixet:

<https://www.youtube.com/watch?v=9EcVFjs8it4>